



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Febreiro 2019

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Febreiro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos inferior ao do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,0%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 5,6% e os Outros servizos o 6,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,6% e en España un 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de febreiro. Galicia é a novena comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a terceira comunidade co maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos inferior ao do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,0%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 5,6% e achega 4,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,0% e achegan 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,1%, 1,5 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,9%, taxa superior á galega en 0,9 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 8,0% e achega 4,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 6,2%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 5,7% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* reduce a súa facturación o 1,6%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,0%; os sectores que máis contribúe a este crecemento son o *Transporte*, que cun incremento do 7,6% achega 0,7 puntos e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que cun aumento do 12,9% achegan 0,5 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* reducen a súa facturación (-3,8%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,9%. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,2%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (8,9%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de febreiro. Os sectores con mellor comportamento son: o *Comercio* que aumenta o 4,6% e achega 2,0 puntos á taxa de variación do índice xeral, o *Transporte*, que crece un 11,2% e achega 1,8 puntos e a *Hostalería*, cun incremento do 9,2% co que achega 1,6 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (8,3%) e Navarra (8,0%). As comunidades con menores crecementos son Canarias (3,5%) e Castilla - La Mancha (3,6%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2019


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de febreiro de 2018, 0,5 puntos máis que en España (2,1%).



O persoal ocupado aumenta un 3,0% no *Comercio* e un 2,4% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse no *Comercio por xunto* (6,9%) e no *Transporte* (4,4%).

En España, o persoal ocupado tamén aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (3,5%) e no *Transporte* (2,8%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Illes Balears (3,1%).

Castilla - La Mancha (0,8%) e Castilla y León (0,9%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	112,4	5,7	8,9
Comercio	115,3	5,6	9,6
Venta e reparación de vehículos de motor	89,7	-6,2	-1,8
Comercio por xunto	127,1	8,0	13,6
Comercio ao retalho	93,3	1,3	1,0
Outros servizos	103,6	6,0	6,5
Transporte	106,1	7,6	9,8
Hostalería	90,8	9,3	7,1
Información e comunicacións	102,6	0,2	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,3	12,9	10,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,0	-3,8	-2,1
España			
Xeral	109,2	5,0	5,2
Comercio	109,5	4,1	4,4
Venta e reparación de vehículos de motor	121,3	-1,6	0,8
Comercio por xunto	115,1	5,7	5,9
Comercio ao retalho	94,7	2,9	2,6
Outros servizos	108,7	6,9	6,8
Transporte	110,1	7,5	7,3
Hostalería	91,6	4,2	4,3
Información e comunicacións	108,5	4,0	3,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,0	9,2	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,8	8,9	9,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,2	6,2	7,9
Comercio	112,9	4,6	8,3
Transporte	125,9	11,2	12,9
Hostalería	91,6	9,2	6,9
Información e comunicacións	104,4	0,0	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,2	8,8	8,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,3	-0,6	0,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,2	5,0	5,2
Andalucía	106,7	7,0	6,4
Aragón	106,8	5,4	7,0
Asturias	101,6	6,7	6,9
Baleares, Illes	85,6	6,1	6,5
Canarias	108,4	3,5	3,3
Cantabria	110,9	8,3	8,9
Castilla y León	97,2	4,8	3,9
Castilla-La Mancha	109,5	3,6	6,5
Cataluña	106,4	4,2	4,3
Comunitat Valenciana	108,6	5,2	5,8
Extremadura	101,8	5,9	4,6
GALICIA	112,4	5,7	8,9
Madrid	116,3	4,4	4,2
Murcia	110,3	7,8	7,6
Navarra	113,7	8,0	7,6
País Vasco	110,5	5,4	5,3
Rioja, La	113,1	6,1	8,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,3	2,6	2,6
Comercio	107,2	3,0	3,3
Venta e reparación de vehículos de motor	101,1	3,4	2,8
Comercio por xunto	118,8	6,9	7,8
Comercio ao retalho	101,7	0,4	0,5
Outros servizos	105,6	2,4	2,1
Transporte	105,9	4,4	3,7
Hostalería	101,8	2,0	1,8
Información e comunicacións	106,0	1,1	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,3	3,3	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,4	0,7	1,2
España			
Xeral	106,1	2,1	2,1
Comercio	105,6	1,5	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	107,3	2,2	2,2
Comercio por xunto	109,3	2,1	2,0
Comercio ao retalho	102,9	1,0	1,1
Outros servizos	106,4	2,4	2,5
Transporte	108,3	2,8	2,7
Hostalería	100,3	1,3	1,5
Información e comunicacións	109,1	3,5	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	2,7	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,3	2,7	2,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,1	2,1	2,1
Andalucía	104,6	2,1	2,1
Aragón	107,7	2,7	2,6
Asturias	103,5	1,6	1,5
Balears, Illes	92,9	3,1	2,8
Canarias	108,6	1,0	1,0
Cantabria	105,6	1,7	1,3
Castilla y León	103,5	0,9	1,0
Castilla-La Mancha	104,1	0,8	1,1
Cataluña	107,6	2,3	2,1
Comunitat Valenciana	106,9	2,2	2,2
Extremadura	103,2	2,3	2,4
GALICIA	106,3	2,6	2,6
Madrid	107,2	2,3	2,6
Murcia	109,2	1,0	1,2
Navarra	106,9	2,3	2,7
País Vasco	105,2	2,2	2,1
Rioja, La	106,5	1,9	2,2

Fonte: INE